

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre, convocado mediante Resolución Reitoral do 24 de novembro de 2021, na súa reunión do 2 de xuño de 2022 deliberou sobre as solicitudes de adaptación solicitadas polas persoas aspirantes.

BASES LEGAIS

En aplicación do disposto na base 5.10 da Convocatoria:

“O Tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes a que se refire o punto 3.8 da convocatoria participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o Tribunal poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración de órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais”, o Tribunal adoptou os seguintes

ACORDOS

Vistas as peticións de adaptación solicitadas e, tendo en conta os informes emitidos polos correspondentes Equipos de Valoración e Orientación de discapacidades da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e da Comunidade Autónoma de Andalucía, o Tribunal acordou:

- Resolver favorablemente un total de 4 solicitudes de adaptación das presentadas.
- Comunicar de xeito individualizado a cada aspirante que solicita adaptación o resultado da súa solicitude, con detalle da adaptación que se concede. Esta comunicación farase por medio de posta a disposición de notificación electrónica ao enderezo de correo electrónico que figura nas solicitudes das persoas interesadas.
- Facer pública a relación de adaptacións concedidas sen que figure a identidade das persoas aspirantes, tendo en conta as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais que adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e a libre circulación deses datos:

1	Procede adaptación de ampliación de letra así como de tempo: 60 minutos para os exercicios cunha duración de 60 minutos (se a duración da proba é distinta o tempo a conceder aplicarase proporcionalmente)
2	Facilitar un espazo con separación suficiente do resto de candidatos, para evitar ansiedade
3	Ampliación de tempo, de 60 minutos por cada 60 minutos do exame (ao ter que empregar lupa para realizalo), e ampliación da letra do mesmo.
4	Necesita de adaptacións ergonómicas, cadeira ou cadeira de brazos ergonómico ou coxín adaptado á cadeira

Marie-Pierre Bouyssou Poincheval
Presidenta

Jesús J. Lamas Alvaríño
Secretario

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARIE-PIERRE BOUYSSOU POINCHEVAL, NIF ***8405**, 07/06/2022 12:18:56.

Asinante/Firmante/Signer: JESUS JUAN LAMAS ALVARIÑO, NIF ***3188**, 07/06/2022 10:20:39.

CSV: B0DE-B109-420B-AD55